



**ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2020. (CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:00 horas** do día **17 de novembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.  
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Don José Javier Fernández Martínez  
Dona María Esther Pedrosa Carrete  
Don Rubén Pol Mariño

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)  
Dona María Angeles Antón Vilasánchez  
Don José Antonio Constenla Ramos  
Don Evaristo Ben Otero  
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia  
Dona Beatriz Cigarrán Vicente  
Dona María Castelao Torres

**CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey  
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dona María Rozas Pérez  
Don Xan Xesús Duro Fernández

**BNG:**



Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

#### **ORDE DO DÍA:**

- 1. Ratificación da inclusión dos puntos números 3 e 4 na orde do día, para ser tratados na sesión.**
- 2. Solicitud de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do título III do PXOM. Regulación de usos.**
- 3. Aprobación de expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario, núm. 2020-CREXT-15, financiado con baixas por anulación.**
- 4. Aprobación de expediente de crédito extraordinario, núm. 2020-CREXT-16, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.**

Cumpriméntase así:

#### **1. RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS PUNTOS NÚMEROS 3 E 4 NA ORDE DO DÍA, PARA SER TRATADOS NA SESIÓN.**

O Pleno da Corporación ratifica por unanimidade a inclusión dos devanditos puntos na orde do día, para ser tratados na presente sesión.

#### **2. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO TÍTULO III DO PXOM. REGULACIÓN DE USOS.**

Con data 6 de novembro do corrente ano a xefa de sección de planeamento emitiu informe proposta con relación ao asunto do epígrafe, que ven co conforme da concelleira delegada da área e máis do secretario xeral do pleno, e que ten o seguinte contido:

“A Modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto principal de reformar a ordenación dos usos urbanísticos que se contén no vixente Plan xeral.

## **1. ANTECEDENTES**

A modificación trae causa dun acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 19 de decembro de 2019, que conclúe a conveniencia de “estudar a reforma da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que regula os usos de aloxamento temporal e a súa compatibilidade co uso residencial nas distintas ordenanzas e plans de desenvolvemento”

Para estudar a reforma, o Pleno Municipal acordou a suspensión previa ou facultativa do “procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal” nos ámbitos delimitados ao efecto.

O acordo de suspensión publicouse no Diario Oficial de Galicia do día 27.12.2019 e entrou en vigor o día 28.12.2019. A súa vixencia rematará o próximo 17 de marzo de 2021, ao engadirse ao prazo do ano natural o período adicional de 79 días naturais durante o que se mantivo a suspensión dos prazos administrativos acordada na disposición adicional terceira do RD 463/2020 (suspensión vixente entre os días 14 de marzo e 31 de maio de 2019, ámbolos dous días incluídos)

## **2. PLANEAMENTO VIXENTE**

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), nos artigos 103 a 120 da súa normativa, define os distintos usos urbanísticos e actividades, regulando os requisitos e condicións urbanísticas esixibles para a súa implantación.

No artigo 105 defínense as características esenciais ou determinantes dos usos globais, que se agrupan en catro categorías principais:

- a) Residencial, destinados á proporcionar aloxamento estable ás persoas
- b) Terciario que abrangue os distintos usos destinados á prestación de servizos ao público, “tales como os servizos de aloxamento temporal, comercio ou venda polo miúdo, servizos persoais, información e comunicación, administración, xestión pública ou privada, actividades e servizos financeiros e provisionais”
- c) Industrial
- d) Dotacional

Os usos pormenorizados figuran relacionados no apartado 3 do citado artigo 105, no que se establece una clara distinción entre os usos residenciais (vivenda e residencial

comunitario), por unha banda, e o hoteleiro, por outra, que se define como un “uso terciario de servizo ao público de aloxamento temporal”

Nos artigos 138 a 149 do PXOM contense as nomeadas “ordenanzas tipo da cidade” (ordenanzas 1 a 12), que regulan as distintas zonas de solo urbano consolidado, e nos artigos 153 e 154 ordénase o solo de núcleo rural (ordenanzas 13 e 14).

No artigo 150 inclúense as *ordenanzas singulares* aplicables aos distintos polígonos de solo urbano non consolidado delimitados no PXOM (polígonos NC 1 a 43), e no artigo 151 contense a ordenanza especial OE-1R (Vista Alegre), que remite, en canto aos usos autorizados, á ordenanza 4.

Nas disposicións transitorias e finais da normativa do PXOM efectúase una remisión expresa a plans aprobados con anterioridade, que adquieren así a condición de planeamento remitido ou incorporado, no que se contén a normativa de usos aplicable aos respectivos ámbitos. Noutros ámbitos, as disposicións finais establecen a aplicación directa, en canto aos usos autorizados, das respectivas ordenanzas tipo da cidade.

### **3. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN**

A Modificación establece unha nova sistematización ou catálogo dos diferentes usos urbanísticos atendendo á súa verdadeira natureza e función na cidade, con independencia da categorización e regulamentación que poida establecer a normativa sectorial aplicable á actividade en cuestión, que se superón así á estritamente urbanística.

Unha vez sistematizados e definidos os distintos usos urbanísticos, establécese a regulación dos usos pormenorizados permitidos e prohibidos en cada una das ordenanzas e zonas, baixo o criterio principal de garantir a primacía do uso residencial característico, de xeito que os restantes usos se ordenan atendendo á súa compatibilidade co residencial.

#### **3.1. Catálogo de usos**

O catálogo de usos que se define, e que conleva unha nova redacción dos artigos 103 a 120 do vixente PXOM, abrangue os seguintes:

**RESIDENCIAL:** Inclúe a VIVENDA e o RESIDENCIAL COMUNITARIO

**TERCIARIO:**

- Aloxamento temporal e turístico
- Comercial
- Ocio e restauración
- Oficinas

Equipamento privado  
Garaxe-aparcadoiro e servizo do automóbil

SECUNDARIO: Industrial, de almacenaxe e loxístico

PRIMARIO:  
Actividades agropecuarias e forestais  
Actividades extractivas

DOTACIONAIS: Comprende as dotacións públicas que integran os sistemas, xerais e locais, definidos no planeamento e na lexislación urbanística.

Establécese tamén unha caracterización dos usos atendendo a distintos criterios, resultando que poden ser:

- a) Permitidos, prohibidos, obrigatorios e condicionados
- b) Os permitidos poden ser o uso característico (principal) e os compatibles
- c) Os usos compatibles poden ser: complementarios, auxiliares, alternativos e asimilados.

### **3.2. Nova redacción da normativa de usos das ordenanzas do PXOM (artigos 138 a 154)**

De acordo con todo o anterior establécese unha nova regulación de usos en cada unha das ordenanzas de solo urbano e de núcleo rural do Plan xeral, que substitúe á vixente redacción dos artigos 138 a 154.

As novas ordenanzas tipo serán directamente aplicables:

- a) Nos seus respectivos ámbitos de ordenación, delimitados nos planos de ordenación do PXOM.
- b) Naqueles outros ámbitos nos que a normativa do PXOM remite, en canto aos usos autorizados, ás respectivas ordenanzas tipo. Inclúense neste grupo as ordenanzas especiais OE-1, OE-1R, OE-3 e OE-7, así como as unidades de xestión do antigo PXOU (relacionadas na disposición final 9ª do PXOM).

No ámbito dos polígonos de solo urbano non consolidado, regulados no artigo 150 do PXOM, será preciso realizar un traballo de adaptación, xa que o PXOM remite nalgúns casos á respectiva ordenanza tipo, pero noutros sinala intensidades mínimas ou máximas para concretos usos pormenorizados.

### **3.3. Adaptación do planeamento incorporado e remitido nos solos urbanos e urbanizados**

Nos solos urbanos ou urbanizados que contan con planeamento remitido ou incorporado polo vixente PXOM, os usos autorizados regúlanse no respectivo instrumento de planeamento -ao que expresamente remite o Plan xeral-, polo que será preciso realizar una adaptación da normativa de usos establecida no correspondente plan.

O mesmo ocorre cos planeamentos de desenvolvemento aprobados en execución do PXOM vixente, que haberán de adaptar a súa normativa de usos ao resultado desta Modificación.

### **3.4. Outras modificacións**

A través da presente Modificación preténdese clarificar, emendar ou reformar a redacción de distintas determinacións do vixente PXOM, que teñen suscitado conflitos ou diverxencias na súa aplicación práctica, como son os seguintes:

- A regulación das condicións e requisitos que permitirían excepcionalmente o cumprimento de determinados parámetros de edificación (parcela mínima, fronte mínima, superficie edificable máxima, número determinado de metros de altura)
- Modifícase a dotación obrigatoria de prazas de aparcadoiro (privadas) esixible para os distintos usos e actividades.
- Regúlanse as condicións urbanísticas para autorizar a instalación de subministro de carburantes como un uso compatible ao abeiro do previsto na lexislación sectorial (na actualidade, artigo 43.2 da Lei do sector de hidrocarburos).
- A Modificación afecta tamén de forma indirecta á ordenanza do sistema de equipamentos e dotacións, que se contén no artigo 136 do PXOM. A ordenanza vixente aplícase tanto aos equipamentos públicos como aos de carácter privado especificamente cualificados polo Plan xeral. A través da Modificación procederase a independizar a regulación dos equipamentos privados daqueles outros que integran o sistema local e xeral de dotacións públicas, en coherencia coa nova regulación dos equipamentos privados que establece a lexislación do solo de Galicia (artigo 71.3 do RLSG).

## **4. XUSTIFICACIÓN DA OPORTUNIDADE E DA LEGALIDADE DA MODIFICACIÓN**

No acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 19.12.2019 sinálanse os motivos principias que aconsellan reformar a normativa de usos establecida polo planeamento

vixente no que atinxe principalmente aos usos de aloxamento temporal e á súa convivencia co residencial.

Segundo se explica no Documento ambiental estratéxico (DAE) e no Borrador da modificación, esta ten como obxectivo principal **preservar a función residencial da cidade e o necesario equilibrio de usos**, que son a mellor garantía dun desenvolvemento urbano sostible que protexa os valores comerciais, culturais e residenciais dos distintos barrios da cidade.

A función máis representativa do planeamento urbanístico consiste en **ordenar a utilización do solo** de conformidade cos principios de desenvolvemento urbano sostible enunciados no artigo 3 do RD lexislativo 7/2015. A protección do uso residencial considérase un valor esencial, de xeito que a regulación dos outros usos e actividades debe servir a aquel obxectivo básico. Así o indica o citado precepto legal cando dispón que *“inserirán no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, para contribuír ao equilibrio das cidades e dos núcleos residenciais, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, así como a cohesión e a integración social”*

A vixente regulación de usos establecida na maior parte das ordenanzas tipo do PXOM contén una relación dos distintos usos pormenorizados que resultan autorizables, sen distinguir os que serían característicos ou principais daqueles outros que teñen o carácter de complementarios ou compatibles. Así, por exemplo, admítese que calquera parcela poida dedicarse, indistintamente, ao uso residencial ou a outros de carácter terciario (hoteleiro e similares), co risco que isto supón en canto á terciarización da cidade e á perda do seu tecido residencial.

O carácter esencialmente dinámico dos plans urbanísticos esixe a súa adaptación ás necesidades sempre cambiantes do interese xeral, proporcionando unha resposta razoable e eficaz ás novas circunstancias polas que estamos atravesando.

O continuo proceso de especialización da cidade de Santiago en usos vinculados ao turismo, por una banda, e, por outra, as restricións impostas pola pandemia (COVID-19), fan preciso reflexionar sobre aqueles aspectos da normativa urbanística que poderían axudar a fixar poboación residente e mesmo a diversificar o tecido económico e social, reducindo a excesiva dependencia económica do turismo e favorecendo os servizos dedicados ao residente. O mantemento do tecido residencial e comercial das cidades e da súa *biodiversidade*, configúrase como a principal garantía dun desenvolvemento urbano sostible, intimamente ligado ao singular valor da cidade *habitada*.

Neste contexto, o planeamento urbanístico pode intervir na ordenación dos concretos usos e actividades, ponderando o seu maior ou menor efecto sobre a protección do ecosistema

urbano. Así o veñen recoñecendo os distintos Tribunais de Xustiza, incluído o da Unión Europea, cando declaran a lexitimidade das normas urbanísticas para impoñer restricións a determinados usos, sempre que se xustifiquen en razóns de interese xeral relacionadas coa protección do medio urbano.

O actual Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, no seu artigo 114, asigna ao planeamento xeral a **cualificación urbanística** do solo, isto é, “a asignación dos usos pormenorizados correspondentes a cada zona”, con indicación dos usos prohibidos e coa regulación dos expresamente permitidos, que inclúe así mesmo a definición do uso principal e dos *complementarios e/o compatibles*.

Polo tanto, a presente Modificación pretende realizar una nova sistematización e regulación dos usos urbanísticos permitidos e prohibidos nas distintas zonas de solo urbano e urbanizado, asegurando a primacía do uso residencial e a compatibilidade dos usos complementarios do residencial.

## **5. SOLICITUDE DE INICIO DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA**

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada as modificación *menores* do plan xeral de ordenación municipal.

A Modificación proposta ten alcance menor dende o punto de vista ambiental xa que mantén as determinacións básicas e esenciais do PXOM vixente, non ordena novas actuacións de transformación urbanística, e afecta de xeito puntual á asignación de usos pormenorizados nas distintas zonas.

Consonte ao regulado nos artigos 46.2.a) e 60 da LSG e 144.3 do seu Regulamento, e 29 e seguintes da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, procede dar traslado ao órgano ambiental da seguinte documentación:

-Solicitud de inicio da avaliación ambiental simplificada

-Borrador da Modificación proposta

-Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

*a) Los objetivos de la planificación.*

*b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*

*c) El desarrollo previsible del plan o programa.*

*d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*



- e) *Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
- f) *Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) *La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) *Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) *Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
- j) *Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 29.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o *órgano substantivo* comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

O órgano substantivo é o órgano da administración pública que posúa as competencias para aprobar o plan (artigo 5.d da LAA). Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da Lei dispón que as funcións atribuídas por esta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística (artigo 123.1.i) da LBRL).

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador da modificación puntual**.
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.
3. Que o Borrador contén as liñas esenciais da reforma e permite debater os seus criterios, obxectivos e solucións xerais, sendo o seu contido axustado ao alcance puntual da Modificación proxectada.
4. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.
5. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para todos os actos que se adopten no procedemento de aprobación do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

## **6. PROPOSTA**

Con fundamento nas anteriores consideracións, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.** Remitir ao órgano ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do título III do PXOM (Regulación de usos)*, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión en novembro de 2020.

**Segundo.** Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Rematado o debate, e á vista do informe proposta transcrito, máis o ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do día 12 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos

municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Remitir ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual do título III do PXOM (Regulación de usos), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión en novembro de 2020.

**Segundo:** Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adaptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

### **3. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, NÚM. 2020-CREXT-15, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.**

Con data 27 de outubro do corrente ano, o técnico da oficina orzamentaria emitiu o seguinte informe-proposta que ven co conforme da concelleira delegada da área de economía e facenda:

#### **“I. NORMATIVA APLICABLE**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

#### **II. ANTECEDENTES**

Informe proposta con data de 27.10.2020 da técnica responsable de Turismo (responsable administrativa do CX 33) co conforme do Enxeñeiro técnico industrial municipal (responsable do centro xestor 12 Alumeado Público que cede crédito), co visto e praxe da Concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns e proposta do Concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-15.

Real Decreto-Lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, onde se convocan, entre outras medidas, os plans turísticos.

Memoria técnica para a solicitude dun Plan de Sostibilidade Turística para a cidade de Santiago de Compostela.

Borrador de Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, Axencia Galega de Turismo de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela.

Anexo cadro de actuacións reanualizado do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela.

Operación RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220200019609 e número de referencia 22020006293.

### **III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE**

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes do mesmo que dá soporte á solicitude de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-15, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nun importe de 200.000,00 euros nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 6 de investimentos do orzamento correspondente ao centro xestor 33 (Ordenación e promoción turística) 2020 - 070 43200 6400000, a incluír nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto -2020 2 PSTUR 61-, para atender o compromiso da achega municipal prevista para a anualidade 2020 do Concello no marco da sinatura do Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela.

### **IV. FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA**

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente no orzamento do exercicio 2020, de importe 200.000,00 euros, na aplicación orzamentaria 020 16500 2210000 -Alumeado público. Subministro de enerxía eléctrica-, cuxas dotacións se estiman reducibles no momento actual segundo se establece no informe proposta que forma parte do expediente, xustificando a minoración no prezo final fixado no novo contrato de data 28.02.2020 de subministro de electricidade en alta y baixa tensión, a través da central de contratación da FEMP, asinado coa mercantil ENDESA ENERGIA S.A, no que o prezo KW/h minorouse con respecto a comercializadora anterior, así como na minoración no consumo de enerxía eléctrica conseguida polo Concello coas obras de aforro enerxético executadas ao longo dos anos anteriores. Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220200019609 e número de referencia 22020006293 que garante o seu financiamento.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar -baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas –nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 2 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

## **V. PROPOSTA**

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2020, e de acordo co establecido no artigo 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario do Orzamento municipal do ano 2020 baixo o número de referencia **2020-CREXT-15**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-15 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 euros)** para atender o compromiso da achega municipal prevista para a anualidade 2020 do Concello no marco da sinatura do Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Achega municipal anualidade 2020 ao Plan de Sostibilidade Turística	070	43200	6400000	2020 2 PSTUR 61	200.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 16500 2210000	020	16500	2210000	200.000,00
					<b>200.000,00</b>						<b>200.000,00</b>

Este expediente terá o seguinte detalle:

**A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Achega municipal anualidade 2020 ao Plan de Sostibilidade Turística	070	43200	6400000	2020 2 PSTUR 61	200.000,00
					<b>200.000,00</b>

**B) Financiamento:**

DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 16500 2210000	020	16500	2210000	200.000,00
				<b>200.000,00</b>

Baixas por anulación: **200.000,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario .....	200.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito .....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos .....	
b) Baixas por anulación .....	200.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-15 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-15 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.”

Á vista do informe-proposta transcrito, informe de intervención de data 30 de outubro do corrente ano, acordo da Xunta de Goberno Local, máis o ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión do día 16 de novembro do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) e 7 abstencións correspondentes aos



concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG),  
acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2020-CREXT-15 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de **DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 euros)** para atender o compromiso da achega municipal prevista para a anualidade 2020 do Concello no marco da sinatura do Convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do Plan de Sostibilidade Turística na cidade de Santiago de Compostela, financiado con baixas por anulación.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO		IMPORTE	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Achega municipal anualidade 2020 ao Plan de Sostibilidade Turística	070	43200	6400000	2020 2 PSTUR 61	200.000,00	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 16500 2210000	020	16500	2210000	200.000,00
					<b>200.000,00</b>						<b>200.000,00</b>

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE
Achega municipal anualidade 2020 ao Plan de Sostibilidade Turística	070	43200	6400000	2020 2 PSTUR 61	200.000,00
					<b>200.000,00</b>

B) **Financiamento:**

DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 020 16500 2210000	020	16500	2210000	200.000,00
				<b>200.000,00</b>

Baixas por anulación: **200.000,00 euros**

C) **Resumo do expediente modificativo de crédito:**



EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario .....	200.000,00 €
2.- Total suplemento de crédito .....	
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos .....	
b) Baixas por anulación .....	200.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-15 inicialmente aprobado, se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Igualmente seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-15 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

#### **4. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, NÚM. 2020-CREXT-16, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EJERCICIO 2019.**

O informe proposta en relación ao expediente de crédito extraordinario, núm. 2020-CREXT-16, emitido con data 12 de novembro do corrente ano, polo técnico da oficina de orzamentos e que ven coa conformidade da concelleira delegada da área, ten o seguinte contido:

##### **“I. NORMATIVA APLICABLE**

Acordo do Consello de Ministros de data 06.10.2020, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria número 51 celebrada o 20.10.2020, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOSF, polo cal con

carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como aplicación da regra do gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

## **II. ANTECEDENTES**

Informe proposta de data 11.11.2020 do xefe de área de Réxime Interior e proposta coa mesma data da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, de solicitude de tramitación de crédito extraordinario para atender ao pagamento das obrigas económicas derivadas da sentenza 60/2020, recaída no procedemento 80/2018 do XCA nº 2 de Santiago.

Sentenza 60/2020 de 18.02.2020 recaída no P.O. 80/2018.

Acordo de Xunta de Goberno Local de 02.03.2020 de dación de conta da sentenza 60/2020, de toma de acordo de non imposición do recurso de apelación e de traslado da mesma a área de Réxime Interior para que proceda a súa execución.

Informe proposta de data 11.11.2020 do xefe do servizo de Proxectos e Obras e proposta coa mesma data do Concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras, de solicitude de modificación orzamentaria a financiar co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 para a execución de investimentos no ámbito urbano do Concello de Santiago de Compostela.

Proposta de data 11.11.2020 do Concelleiro delegado de Medio Rural, de solicitude de modificación orzamentaria a financiar co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 para a execución de investimentos no ámbito rural do Concello de Santiago de Compostela.

Informe proposta de data 11.11.2020 do técnico de Programación Cultural e proposta coa mesma data da Concelleira delegada de Acción Cultural, de solicitude de modificación orzamentaria a financiar co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 para a concesión de subvencións para o fomento da produción de actividades culturais e artísticas.

Informe proposta de data 11.11.2020 da técnica responsable de Comercio e proposta coa mesma data da Alcaldía, de solicitude de modificación orzamentaria a financiar co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do

orçamento do exercicio 2019 para a concesión de subvencións destinadas á promoción e fomento do consumo no comercio e na hostalería local, ao financiamento de gastos correntes do comercio local e para o financiamento de investimentos para a innovación tecnolóxica e dixitalización do comercio local.

Informe proposta de data 11.11.2020 da técnica responsable da área de Promoción Económica e Turismo e proposta coa mesma data do Concelleiro delegado de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, de solicitude de modificación orzamentaria a financiar co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 para a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de gastos correntes do sector da hostalería local.

### III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con data 20 de outubro de 2020 o Congreso dos Deputados pronunciouse favorablemente (maioría absoluta do Congreso) ao acordo adoptado polo Consello de Ministros en data 06.10.2020, de invocar a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOSF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como aplicación da regra do gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

O Congreso apreciou, polo tanto, que a situación que se está a vivir en España pola pandemia xerada pola COVID-19 é unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución e ao artigo 11.3 da LOEOSF.

En concreto, o artigo 135.4 de la Constitución, dispón que «Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública so poderán superarse no caso de catástrofes naturais, recesión económica ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou a sustentabilidade económica ou social do Estado, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados.»

O goberno do Estado ven de aprobar, coa maioría absoluta do Congreso dos Deputados, a activación do citado artigo 135.4 da Constitución, o que leva de facto á suspensión da aplicación das regras fiscais para os exercicios 2020 e 2021, é dicir, os obxectivos de estabilidade e débeda pública aprobados no seu día así como a aplicación da regra do gasto para devanditos anos.

A consecuencia da medida aprobada permite ás entidades locais facer uso dos remanentes de tesourería dispoñibles durante os dous exercicios de suspensión das regras fiscais, podendo destinar estes recursos financeiros ao financiamento non só de investimentos financeiramente sustentables senón tamén a outras necesidades de gasto necesarias na

actualidade nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19.

#### **IV. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019**

O importe do RLT para GX resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2019 foi de 11.711.465,20 euros.

Ao longo do presente exercicio, fíxose uso deste recurso financeiro seguindo as diferentes directrices que marcaban a normativa vixente en cada momento de destino do superávit, sendo o detalle das aplicacións deste recurso ao longo deste ano os que se amosan no seguinte cadro explicativo:

##### RESUMO GASTOS FINANCIADOS CO RLT para GX DO EXERCICIO 2019

	Importe MC RLT	Expediente
OPAS (aplicación 413) DO CONCELLO	342.934,61	2020-CREXT-02
PPA (conta 555) DO CONCELLO	96.437,49	2020-CREXT-02
	439.372,10	
OPAS (aplicación 413) DO CONCELLO PENDENTES	36.568,63	
GASTOS SOCIAIS FINANCIADOS CO RLT para GX	1.145.754,55	2020-CREXT-03
GASTOS EN VEHÍCULOS ELÉCTRICOS FINANCIADOS CO RLT para GX	370.500,00	2020-CREXT-11
OPAS (aplicación 413) DO CONCELLO	217.909,64	2020-CREXT-13 (en trámite)
<b>Importe total aplicado do RLT para GX da liquidación Concello do exercicio 2019</b>	<b>2.210.104,92</b>	
<b>Importe RLT para GX da liquidación do Concello do exercicio 2019</b>	<b>11.711.465,20</b>	
<b>Importe pendente de aplicar do RLT para GX da liquidación Concello do exercicio 2019</b>	<b>9.501.360,28</b>	

Do establecido no cadro anterior, conclúese que o importe aplicado ata o momento actual do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2019 foi de **2.210.104,92 euros**, quedando en pendente de aplicar deste recurso financeiro o importe de **9.501.360,28 euros**.

#### **V. APLICACIÓNS PROPOSTAS COMO DESTINO DO SALDO PENDENTE DO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019 .**

Consta no apartado II de antecedentes do presente informe proposta, a relación de solicitudes formuladas por distintos centros xestores de necesidade de tramitación de modificacións orzamentarias, modalidade de crédito extraordinario, que supoñen a

aplicación de case a totalidade do saldo actual pendente do RLT para GX resultante da liquidación do Concello do exercicio 2019. Dun xeito resumido por bloques, a aplicación proposta amósase no seguinte cadro explicativo:

	Importe total
Pagamento de sentenzas	1.422.853,36
Investimentos no ámbito urbano	4.331.797,06
Investimentos no ámbito rural	246.675,03
Axudas á cultura local	600.000,00
Axudas ao comercio local	1.300.000,00
Axudas á hostalería local	1.600.000,00
<b>Total expediente 2020-CREXT-16</b>	<b>9.501.325,45</b>

Afondando no detalle de cada unha das solicitudes recibidas e que forman parte do expediente que se está a tramitar, faixe unha análise do carácter específico e determinado dos gastos que se propoñen realizar, da súa urxencia e que non poden demorarse até o exercicio seguinte.

1ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **1.422.853,36 €**, para dar cobertura ao pagamento das obrigas económicas derivadas da sentenza 60/2020 de 18.02.2020, recaída no P.O. 80/2018 do XCA nº de Santiago, a favor da mercantil XESTIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTÁCULOS S.L., en concepto de perdas ocasionadas polo non incremento de tarifas e prezos na xestión do edificio multiusos de Sar.

Con data de 02.03.2020 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da mesma, ordenou a non interposición do recurso de apelación contra a mesma e deu traslado á área de Réxime Interior para que, tralos efectos da súa firmeza, procedese a súa execución.

Toda vez que no orzamento municipal actual non se tiña prevista a súa consignación, resulta necesario, urxente e sen demora, habilitar o crédito necesario para a súa execución.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	IMPORTE
Sentenza 60/2020 de 18.02.2020 do XCA nº 2 de Santiago de Compostela recaída no P.O. 80/2018 "onde se recoñece a XADE o dereito a percibir 1.422.853,36 euros do Concello en concepto de perdas ocasionadas polo non incremento de tarifas e prezos	030 34200 2269901	37	1.422.853,36
<b>TOTAL IMPORTE DE SENTENZAS A FINANCIAR CO RLTGX DO EXERCICIO 2019</b>			<b>1.422.853,36</b>

2ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **4.331.797,06 €**, para dar cobertura de crédito a unha serie de investimentos no ámbito urbano propostos polo centro xestor de vías públicas (CX 09).

No informe proposta achegado que sustenta os investimentos propostos, queda acreditado o carácter determinado do gasto, a súa urxencia e o inaprazable do gasto. A meirande parte das actuacións prevén un prazo de execución de entre dous e seis meses, polo que as súas licitacións e posterior execucións poderían iniciarse cando se conte cos recursos financeiros necesarios.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Reurbanización da Rúa do Horreo no fronte da estación intermodal (XOB/119/2020)	040 15321 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 1	610.000,00
Urbanización "ZLI-75" Núcleo de Cotaredo (UA-11 do PERI Concheiros-Cotaredo-San Lázaro) (XOB/060/2016)	040 15321 6090001	09	2020 4 RLTOU 62 2	165.876,26
Acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro (XOB/53/2015)	040 15321 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 3	208.907,95
Acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes (XOB/451/2017)	040 15321 6090002	09	2020 4 RLTOU 62 4	467.968,40
Mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo (XOB/118/2020)	040 33600 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 5	40.536,45
Novos aseos públicos na Avda. de Raxoi (XOB/93/2020)	040 33600 6320001	09	2020 4 RLTOU 62 6	226.967,85
Reforma dos aseos públicos existentes na Rúa Trindade e no Parque da Alameda (XOB/94/2020)	040 33600 6320002	09	2020 4 RLTOU 62 7	170.918,53
Rexeneración do pavimento de calzada da Avda. de Asturias (XOB/460/2019)	040 15320 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 8	517.204,47
Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (XOB/166/2020)	040 15320 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 9	865.150,00
Renovación do céspede do campo de fútbol do Sergas (XOB/678/2018)	040 34200 6220001	09	2020 4 RLTOU 62 10	568.267,15
Zona cuberta de usos múltiples de Santa Marta (XOB/33/2018)	040 34200 6220002	09	2020 4 RLTOU 62 11	165.000,00
Obras de accesibilidade en diversos puntos da cidade	040 15321 6190003	09	2020 4 RLTOU 62 12	247.000,00
Proxectos de mellora e humanización do barrio da Estila e de accesibilidade da Almaciga	040 15321 6190004	09	2020 4 RLTOU 62 13	78.000,00
<b>TOTAL INVERSIONES PROPOSTAS PARA OBRAS NO ÁMBITO URBANO A FINANCIAR CO RLTX DO EJERCICIO 2019</b>				<b>4.331.797,06</b>

3ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **246.675,03 €**, para dar cobertura de crédito a un investimento no ámbito rural proposto polo centro xestor de medio rural (CX 35).

Na proposta achegada que sustenta o investimento proposto, queda acreditado o carácter determinado do gasto, a súa urxencia e o inaprazable do gasto. Para esta prevese un prazo

de execución de 6 meses, polo que a súa licitación e execución podería iniciarse cando se conte cos recursos financeiros necesarios.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Reforma do viario a Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase II)	100 45400 6190001	35	2020 4 RLTOR 63 1	246.675,03
<b>TOTAL INVESTIMENTOS PROPOSTOS PARA OBRAS NO ÁMBITO RURAL A FINANCIAR CO RLTGX DO EXERCICIO 2019</b>				<b>246.675,03</b>

4ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **600.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de cultura (CX 23) de necesidade de concesión dunha liña de subvencións, por concorrencia, para o fomento da actividade do sector económico da cultura da cidade financiando a produción de novas actividades culturais e artísticas.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	IMPORTE
Axudas ao fomento de actividades culturais no Concello de Santiago de Compostela	050 33400 4790101	23	600.000,00
<b>TOTAL AXUDAS Á CULTURA A FINANCIAR CO RLTGX DO EXERCICIO 2019</b>			<b>600.000,00</b>

5ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía total de **1.300.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de comercio (CX 31) de necesidade de concesión dunhas liñas de subvencións, por concorrencia, para o financiamento dos gastos correntes do comercio local (600.000,00 euros), para favorecer o consumo por parte das familias composteláns no comercio e na hostalería local (300.000,00 euros) e para o financiamento de investimentos para a innovación e dixitalización do comercio local (400.000,00 euros).

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	IMPORTE
Axudas ao comercio local para o financiamento dos seus gastos correntes	010 43100 4790101	31	600.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31	300.000,00
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31	400.000,00
<b>TOTAL AXUDAS AO COMERCIO A FINANCIAR CO RLTGX DO EXERCICIO 2019</b>			<b>1.300.000,00</b>

6ª.- Habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de **1.600.000,00 €**, para dar cobertura de crédito á solicitude formulada polo centro xestor de ordenación e promoción turística (CX 33) de necesidade de concesión dunha liña de subvencións, por concurrencia, para o financiamento dos gastos correntes dos establecementos da hostalería local.

A súa proposta de crédito extraordinario tería o seguinte detalle:

DESCRICIÓN	APLICACIÓN	CX	IMPORTE
Axudas aos establecementos da hostalería local para o financiamento dos seus gastos correntes	070 43200 4790101	33	1.600.000,00
<b>TOTAL AXUDAS Á HOSTELARÍA A FINANCIAR CO RLTGX DO EXERCICIO 2019</b>			<b>1.600.000,00</b>

## **VI. PROPOSTA.**

Logo de ver que a normativa actual permite ás entidades locais, e para os exercicios 2020 e 2021, facer uso dos remanentes de tesourería dispoñibles durante ese período pola suspensión das regras fiscais que viñan sendo de aplicación, podendo destinar estes recursos financeiros ao financiamento non só de investimentos financeiramente sustentables senón tamén a outras necesidades de gasto necesarias na actualidade nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19.

Verificado que o Concello de Santiago de Compostela ten na actualidade un saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019 por importe de **9.501.360,28 euros**.

Logo de ver as diferentes solicitudes formuladas por diversos centros xestores do Concello de necesidades de tramitación de modificacións de crédito, modalidade de crédito extraordinario, que se financiarían co recurso financeiro procedente do saldo



actual do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019, aplicándoo case na súa totalidade.

Logo de ver o carácter específico e determinado dos gastos a realizar e que o expediente que se tramita ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nas bases 12, 13 e 30 das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2020, nos artigos 177 e ss. do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

**PROPONSE** que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

**PRIMEIRO:** aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-16 para atender ao pagamento de sentenzas, para a realización dunha serie de investimentos no ámbito urbano e rural, e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, do comercio e a hostalería local, por un importe total de **NOVE MILLÓNS CINCOCENTOS UN MIL TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS, CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (9.501.325,45 EUROS)**, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

**1.- Habilitación de crédito extraordinario por un importe de 9.501.325,45 euros para atender o pagamento de sentenzas, para a realización dunha serie de investimentos no ámbito urbano e rural, e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, do comercio e a hostalería local, financiado con RLT para GX do exercicio 2019, co seguinte detalle:**

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Sentenza 60/2020 de 18.02.2020 do XCA nº 2 de Santiago de Compostela recaída no P.O. 80/2018 "onde se reconece a XADE o dereito a percibir 1.422.853,36 euros do Concello en concepto de perdas ocasionadas polo non incremento de tarifas e prezos	030 34200 2269901	37		1.422.853,36

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 2</b>				<b>1.422.853,36</b>
Axudas ao fomento de actividades culturais no Concello de Santiago de Compostela	050 33400 4790101	23		600.000,00
Axudas ao comercio local para o financiamento dos seus gastos correntes	010 43100 4790101	31		600.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31		300.000,00
Axudas aos establecementos da hostalería local para o financiamento dos seus gastos correntes	070 43200 4790101	33		1.600.000,00
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 4</b>				<b>3.100.000,00</b>
Reurbanización da Rúa do Hórreo no fronte da estación intermodal (XOB/119/2020)	040 15321 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 1	610.000,00
Urbanización "ZLI-75" Núcleo de Cotaredo (UA-11 do PERI Concheiros-Cotaredo-San Lázaro) (XOB/060/2016)	040 15321 6090001	09	2020 4 RLTOU 62 2	165.876,26
Acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro (XOB/53/2015)	040 15321 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 3	208.907,95
Acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes (XOB/451/2017)	040 15321 6090002	09	2020 4 RLTOU 62 4	467.968,40
Mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo (XOB/118/2020)	040 33600 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 5	40.536,45
Novos aseos públicos na Avda. de Raxoi (XOB/93/2020)	040 33600 6320001	09	2020 4 RLTOU 62 6	226.967,85
Reforma dos aseos públicos existentes na Rúa Trindade e no Parque da Alameda (XOB/94/2020)	040 33600 6320002	09	2020 4 RLTOU 62 7	170.918,53
Rexeneración do pavimento de calzada da Avda. de Asturias (XOB/460/2019)	040 15320 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 8	517.204,47
Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (XOB/166/2020)	040 15320 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 9	865.150,00
Renovación do céspede do campo de fútbol do Sergas (XOB/678/2018)	040 34200 6220001	09	2020 4 RLTOU 62 10	568.267,15
Zona cuberta de usos múltiples de Santa Marta (XOB/33/2018)	040 34200 6220002	09	2020 4 RLTOU 62 11	165.000,00
Obras de accesibilidade en diversos puntos da cidade	040 15321 6190003	09	2020 4 RLTOU 62 12	247.000,00
Proxectos de mellora e humanización do barrio da Estila e de accesibilidade da Almáciga	040 15321 6190004	09	2020 4 RLTOU 62 13	78.000,00
Reforma do viario a Pajuela-Campo da festa de Marrozos	100 45400 6190001	35	2020 4 RLTOR 63 1	246.675,03
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 6</b>				<b>4.578.472,09</b>

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31		400.000,00
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 7</b>				<b>400.000,00</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-16</b>				<b>9.501.325,45</b>

B) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **9.501.325,45 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	9.501.325,45 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	9.501.325,45 €

**TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 9.501.325,45 EUROS**

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-16 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2020-CREXT-16 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Condicionar a eficacia do punto anterior á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-16.”

Á vista do informe proposta transcrito, informe de intervención de data 12 de novembro do corrente ano, acordo da Xunta de Goberno, máis o ditame favorable da Comisión

informativa de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas correspondente a súa sesión extraordinaria do día 16 de novembro tamén do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos políticos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-16 para atender ao pagamento de sentenzas, para a realización dunha serie de investimentos no ámbito urbano e rural, e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, do comercio e a hostalería local, por un importe total de NOVE MILLÓNS CINCOCENTOS UN MIL TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS, CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (9.501.325,45 EUROS), financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

**1.- HABILITACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR UN IMPORTE DE 9.501.325,45 EUROS PARA ATENDER O PAGAMENTO DE SENTENZAS, PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO URBANO E RURAL, E PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS NO ÁMBITO DA CULTURA, DO COMERCIO E A HOSTALERÍA LOCAL, FINANCIADO CON RLT PARA GX DO EXERCICIO 2019, CO SEGUINTE DETALLE:**

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Sentenza 60/2020 de 18.02.2020 do XCA nº 2 de Santiago de Compostela recaída no P.O. 80/2018 "onde se reconece a XADE o dereito a percibir 1.422.853,36 euros do Concello en concepto de perdas ocasionadas polo non incremento de tarifas e prezos	030 34200 2269901	37		1.422.853,36
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 2</b>				<b>1.422.853,36</b>
Axudas ao fomento de actividades culturais no Concello de Santiago de Compostela	050 33400 4790101	23		600.000,00
Axudas ao comercio local para o financiamento dos seus gastos correntes	010 43100 4790101	31		600.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	010 43100 4890101	31		300.000,00

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN	CX	PROXECTO	IMPORTE
Axudas aos establecementos da hostalería local para o financiamento dos seus gastos correntes	070 43200 4790101	33		1.600.000,00
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 4</b>				<b>3.100.000,00</b>
Reurbanización da Rúa do Hórreo no fronte da estación intermodal (XOB/119/2020)	040 15321 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 1	610.000,00
Urbanización "ZLI-75" Núcleo de Cotaredo (UA-11 do PERI Concheiros-Cotaredo-San Lázaro) (XOB/060/2016)	040 15321 6090001	09	2020 4 RLTOU 62 2	165.876,26
Acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro (XOB/53/2015)	040 15321 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 3	208.907,95
Acondicionamento do campo da festa do Castiñeiríño para usos polivalentes (XOB/451/2017)	040 15321 6090002	09	2020 4 RLTOU 62 4	467.968,40
Mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo (XOB/118/2020)	040 33600 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 5	40.536,45
Novos aseos públicos na Avda. de Raxoi (XOB/93/2020)	040 33600 6320001	09	2020 4 RLTOU 62 6	226.967,85
Reforma dos aseos públicos existentes na Rúa Trindade e no Parque da Alameda (XOB/94/2020)	040 33600 6320002	09	2020 4 RLTOU 62 7	170.918,53
Rexeneración do pavimento de calzada da Avda. de Asturias (XOB/460/2019)	040 15320 6190001	09	2020 4 RLTOU 62 8	517.204,47
Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (XOB/166/2020)	040 15320 6190002	09	2020 4 RLTOU 62 9	865.150,00
Renovación do céspede do campo de fútbol do Sergas (XOB/678/2018)	040 34200 6220001	09	2020 4 RLTOU 62 10	568.267,15
Zona cuberta de usos múltiples de Santa Marta (XOB/33/2018)	040 34200 6220002	09	2020 4 RLTOU 62 11	165.000,00
Obras de accesibilidade en diversos puntos da cidade	040 15321 6190003	09	2020 4 RLTOU 62 12	247.000,00
Proxectos de mellora e humanización do barrio da Estila e de accesibilidade da Almaciga	040 15321 6190004	09	2020 4 RLTOU 62 13	78.000,00
Reforma do viario a Pajuela-Campo da festa de Marrozos	100 45400 6190001	35	2020 4 RLTOR 63 1	246.675,03
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 6</b>				<b>4.578.472,09</b>
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	010 43100 7790101	31		400.000,00
<b>GASTO TOTAL CAPÍTULO 7</b>				<b>400.000,00</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2020-CREXT-16</b>				<b>9.501.325,45</b>

**B) Financiamento:**

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **9.501.325,45 €**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
1.- Total crédito extraordinario.....	9.501.325,45 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	9.501.325,45 €

**TOTAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 9.501.325,45 EUROS**

**SEGUNDO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-16 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-16 inicialmente aprobado, se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO:** Condicionar a eficacia do presente acordo á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario nº 2020-CREXT-16.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 10:47 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández